

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000003.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércres**, día **24 de xaneiro de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

1. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE LUGO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS, EXP. 2023/C013/000003. EXCLUSIÓN DOS LICITADORES E DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEMENTO.

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2024-C003-000001.

3. CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DUN SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS. LOTE 1: MECÁNICA PARA CAMIÓN E LOTE 2: MECANIZADO TODOS OS VEHÍCULOS MUNICIPAIS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2024/C003/000002.

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac8986345096718327027.doc

Asunto: XUNTA DE GOBRNO LOCAL DO 24-1-2024

4. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS RETIRADOS DA VÍA PÚBLICA SITOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E APERTURA DE LICITACIÓN. EXPTE. REF. 2024-C005-000002.

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DOS CONTRATOS DE SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DOS CEIPS E ESCOLAS INFANTIS, DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2024-C003-000003.

6. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES E REPARACIÓNS DOS SISTEMAS DE REPRODUCCIÓN E IMPRESIÓN DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 2023/C003/000024. ADXUDICACIÓN.

### **FOMENTO**

7. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE LUGO PARA LEVAR A CABO ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN NO ÁMBITO DA PROTECCIÓN CIVIL.

### **ÁREA DE GOBRNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**

### **DESENVOLVEMENTO LOCAL**

8. PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN AXENTE LOCAL DE INNOVACIÓN (CATEGORÍA PROFESIONAL EQUIPARABLE AO GRUPO B) CÓDIGO DE PROXECTO 232410006.

## **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**